

SUPERCHISTES

■ "Atenta contra a identidade moral"

Os escritores galegos tildan a obra de 'Pepe Muleiro' de "vexatoria"

A Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) rexeitou a reedición en Arxentina do libro *Superchistes Gallegos*, obra que considera "vexatoria para os galegos e galegas". nun comunicado, a asociación denunciou que este libro do autor arxentino Ricardo Parrotta –publicada baixo o pseudónimo *Pepe Muleiro*– "atenta discriminatoria e gratuitamente contra a identidade moral e cultural dun dos países máis vellos de Europa".

A AELG demandou, "no marco das estreitas e fraternais relacions culturais e sociais entre Galicia e Arxentina", a intervención dos organismos competentes na procura dunha rectificación pública por parte da editora responsable. Deste xeito, esixe "o respecto e dignidade dun pobo, o galego, cunha cultura altamente recoñecida, diversa e rica". Ademais, a asociación de escritores galegos amosa a súa solidariedade coa colectividade galega na Arxentina, "que foi quien de contribuir ao engrandecemento" do país austral.

O libro *Superchistes gallegos* acendeu a polémica entre a colectividade galega na Arxentina. Mais de 50 galegos residentes no país suramericano, protagonizaron unha protesta pacífica na Feira do Libro de Buenos Aires contra a reedición da obra de Parrotta, por considerar que contén "agresións máis ca chistes", posto que o autor solta perlas coma burros, idiotas, porcos e inútiles para referirse aos galegos. Ademais, a Unión de Asociaciones Gallegas de Argentina impulsou a presentación de denuncias ante o Inadi (Instituto Nacional Anti Discriminación e Xenofobia). • AGN